

TEMA 6

O REXURDIMENTO

1.O REXURDIMENTO

Movemento cultural, social e literario que se desenvolve do **1863** (*Cantares gallegos*) a **1916** (Irmandades da Fala). O seu obxectivo é o de **dignificar a identidade galega** (poder político e administrativo propio e recuperar o idioma galego).

Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez son os principais autores deste movemento.

2.CONTEXTO SOCIO-HISTÓRICO

Galicia sofre **dúas lacras**:

- A implantación do poder central nas **redes caciquís** para impoñer os seus intereses
- Perpetuación do **sistema foral** que regulaba a propiedade da terra

Isto provoca o **empobrecemento das clases populares = emigración**

A **burguesía de orixe foránea** (catalá) crea as **primeiras industrias e fábricas** de salgadura.

3.A SITUACIÓN DA CULTURA E DA LINGUA

A mediados do século XIX apareceron as **primeiras publicacións periódicas en galego**. Hai que esperar ata os anos 70 para ver xornais e revistas monolingües en galego (*O Tío Marcos da Portela, A Monteira*).

Publicacións de *Historia de Galicia* (Benito Vicetto) e *Historia de Galicia* (Manuel Murguía).
Primeiras gramáticas en galego (Saco e Arce), primeiros dicionarios (Marcial Valladares), primeiras editoriais galegas na Coruña (Librería Gallega, de Uxío Carré; Biblioteca Gallega, de Martínez Salazar).

4.O NOVO PENSAMENTO: O GALEGUISMO

1840: xorde o galeguismo (movemento político, social e cultural que pretende recuperar a identidade galega e atribuírlle poder político. Fases:

-Provincialismo (1840-1868): a partir de 1833, Galicia queda dividida en catro provincias fronte ás sete do Antigo Reino de Galicia. Isto provoca unha insurrección militar en 1846 e o nacemento do Provincialismo (reivindica a Galicia como provincia única administrativa, social, cultural e económica).

-Rexionalismo (1869-1881): parello ao catalán e vasco. Bebe de fontes románticas e liberais. Dúas liñas, a liberal (Manuel Murguía, *El regionalismo gallego*) e a tradicionalista (Alfredo Brañas, *El regionalismo*).

-Nacionalismo: nace en 1916 (Irmandades da Fala). Galicia = nación con dereitos políticos. Conseguen a aprobación do Estatuto de Autonomía o 28 de xuño de 1936, 20 días antes do golpe de estado de Franco e o comezo da Guerra Civil (1936-1939).

ROSALÍA DE CASTRO

1.BIOGRAFÍA

Nace en Santiago de Compostela en 1837. Vive en Ortoño (Ames), onde coñece a vida rural galega. A partir de 1850, vai vivir coa nai a Santiago. Alí coñece a Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre.

En 1856, trasládase a Madrid e comeza a publicar os seus primeiros libros. Casa con Manuel Murguía, co que tivo 7 fillos. Por mor do traballo do seu marido, residiron en varias localidades galegas e de fóra.

En 1875, aséntase definitivamente na Casa da Matanza, en Padrón.

2.ROSALÍA: MULLER ESCRITORA EN GALEGO

O papel de Rosalía nesa época é admirable. Defensa continuada das mulleres na súa obra (posición consciente da problemática da muller). Loita constante por ser escritora e en galego, nun mundo de homes. Precursora da loita das mulleres por acadar os dereitos que como persoas lles corresponden. Icona da rebeldía contra a sociedade patriarcal da época e en defensora dos dereitos lingüísticos e políticos do pobo galego.

3.OBRA

Recadro da páxina 130

4.ESTILO E LINGUA

Tomar recursos da literatura popular: paralelismos, comparacións, aliteracións, onomatopeas...

Tamén toma recursos da literatura culta: o símbolo (a sombra, a espiña, o cravo...)

Usa a fala popular da zona de Santiago. Rexistro coloquial cunha sintaxe e léxico sinxelos.

5.CANTARES GALLEGOS

A publicación de *Cantares gallegos* o **17 de maio de 1863** constituíu un **fito na historia de Galicia**. Inaugura a literatura **galega contemporánea**. Cen anos despois instaurouse esa data como o **Día das Letras Galegas**.

Ten **36 poemas** nos que unha **voz poética (unha rapaza)** desenvolve un **cantar popular (glosa)** que aparece ao **comezo ou ao final** de cada poema.

CG ten unha **estrutura circular**. No **primeiro poema** faise unha presentación dunha **voz feminina** á que autora lle pide que cante en lingua galega. No **último poema** esta voz **escúsase** por ter cantado con pouca graza a moita fermosura de Galicia.

Uso da **creatividade do pobo con finalidade culta** (os cantares) e a **identificación cos problemas** que este sofre, xunto cun **uso consciente da lingua galega**, confírelle a este libro un evidente **carácter reivindicativo**.

Temáticas:

-**Costumista:** recrean estampas cotiás da vida labrega e crenzas relixiosas dominadas pola superstición e a resignación. Ton desenfadado co que busca dignificar a maneira de vivir da xente do rural.

-**Amorosa:** expoñen dende o punto de vista popular conflitos acontecidos entre namorados.

-**Intimista:** emerxe a visión pesimista do amor, a dor ou a saudade da propia Rosalía.

-**Social:** poemas de defensa da xustiza social onde se denuncia a emigración, o caciquismo ou a miseria dos labregos.

6.FOLLAS NOVAS

Libro publicado na **Habana en 1880**, aínda que estaba escrito moitos anos antes. No prólogo aclara que vai ser unha **obra diferente á anterior**, que se afasta do ton vitalista de *CG* para centrarse nun **sentimento pesimista da vida**, o que non lle impide mostrar os **problemas do pobo**.

FN está estruturado en **cinco partes e dúas grandes temáticas**. Cadro da páxina 131.

Gran **variedade e orixinalidade métrica**, precursora das novidades posteriores. Combinacións de octosílabos e hendecasílabos, de octosílabos e alexandrinos ou de decasílabos e dodecasílabos.